

Xuntanza en Gondulfe

39

SUPLEMENTO
DOMINICAL

22 DE MARZO DE 2011

Literatura



XULIO VALCÁRCEL
xuliovalcarcel@gmail.com

A "Casa do pobo"
acolhe actividades
lúdicas e xantares de
confraternidade.

"Agora venderedes a casa de Gondulfe", dixo a avoa Aurea no leito de morte. Había no adverbio, "agora", a conciencia da súa inmediata finitude, e no comentario "venderedes a casa", latexaba unha pregunta que nacemento admitía unha resposta. "Non, non. Iso nunca...", porque na derrota final de toda existencia é importante que algo se preserve. Algo patrimonial, atávico: a casa onde naceran e morreran os seus devanceiros, a casa onde naceu ela e onde ela tivo a miña nai. A casa dos traballos e dos esforzos, das penas e das alegrías. A casa chea de risas, de silencios e de voces. Dos que se foron e dos que quedaron. Casas con nome: "Raxado, Marta, Queixeiro"... que se impoñen sobre os moradores e se identifican os seus membros: "O Daniel do Loureiro", "O Julito do Picha" (aínda que non sempre os descendentes herden os atributos dos antepasados).

En "La poésie de l'espace", Gaston Bachelard concibe a casa como o lugar onde a vida se organiza, lembra e protexe. Refuxio íntimo, niño, primeiro universo do ser humano. Antes de saír ao mundo de fóra, habitamos un espazo cálido que nos libra do frío, da choiva e do vento, e nos salva dos perigos e da hostilidade exterior. De volta da loita diaria, a cruzar a soleira, regresamos ao conforto, ao amparo, á seguridade.




Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA

A casa é o noso abrigo existencial, o noso almacén de recordos. Cuartos, corredores, escaleiras, gardan nos seus recunchos o testemuño da nosa presenza. O faiaido elevado, o soto fondo, as pezas pequenas... correspóndense con diferentes maneiras de pensar e de soñar. A casa da infancia eríxese en territorio mítico. A cor dunha laceda, o renxido dunha porta, o son dun reloxo na noite, activan emocións profundas; a memoria afectiva impregna os recintos que habitamos. Escenario da vida e preservación do pasado, intimamente unida a nós: "Mi house remember me", escribe Anne Sexton. "Defenderei a casa do meu pai. Contra os lobos/ contra a seca/ contra a usura/ con-

tra a Xustiza", di Gabriel Aresti no seu célebre poema.

Caldo de ósos

"Casa do pobo" loce o leitreiro, gravado nunha táboa de carballo, na vella reitoral restaurada, na que se desenvollen actividades e xuntoiros. A fronte das iniciativas comunitarias, dúas mulleres: a doutora Julia e a farmacéutica Mar, que ademais de procurar a saúde física, axudan tamén ao benestar anímico, propiciando encontros e conversas arredor da abondosa mesa e da xenerosa inxesta do viño da zona. Nos corríños, comentarios sobre a infausta guerra e sobre o pregón de Mercedes Vázquez na Festa do Caldo de Ósos: "Xa sabedes o que din os

expertos... Se queredes mellorar as articulacións, prato de caldo. Se queredes nutrir a pel, prato de caldo. Se queredes fortalecer unhas e cabelo, prato de caldo... E se a parte nutricional non fose dabondo, ofrecer un prato de caldo de ósos en Taboada significa familiaridade e compartir un pedazo de quen somos cos que nos rodean".

Mestra e empresaria, Mercedes promove na actualidade o que será o mellor e máis ambicioso centro sociocultural da Ribeira Sacra: o futuro Museo Manuel Jorge, que se está construíndo en Chantada e que se calcula poderá estar operativo a primeiros do ano que vén. Un faro de liberdade, de cultura e de solidariedade. Un referente de obrigada visita.